

MISIÓN COMERCIAL INVERSA HOLANDA

5-7 DE OUTUBRO 2022

Un dos **obxectivos do Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga)** é mellorar o posicionamento das empresas alimentarias galegas nos mercados internacionais. Co apoio da **convocatoria IG208 do Instituto Galego de Promoción Económica**, organiza unha **misión comercial inversa con Holanda** para estreitar **relacións comerciais** entre **empresas galegas e importadores e distribuidores deste mercado**.

A misión levarase a cabo a través de dous modalidades. A **modalidade A** consiste na organización de **reunións** cos importadores por un custo de **25€/reunión**. A **modalidade B** inclúe, ademais, as **visitas a fábricas ou bodegas** cos importadores, e ten un custo adicional de **75€**.

O MERCADO HOLANDÉS

Holanda é un país de **máis de 17 millóns de habitantes**, e está considerado entre os **máis globalizados do mundo**. Posúe unha gran combinación de **etnias e culturas**, ademais de un constante **tránsito de mercancías** que entran polos seus portos, sendo **Rotterdam** o máis importante (e o maior de Europa).

O **comercio exterior** do país representa un dos principais pilares da súa economía. Asimismo, o **comercio minorista** avalíase en máis de 80.000 millóns de euros e os consumidores holandeses seguen preferindo as tendas dos seus barrios, o que fai que as pequenas tendas especializadas manteñan unha cota importante no mercado de distribución holandés.

PARTICIPACIÓN E SELECCIÓN

Os **importadores invitados** serán quen seleccione, a partir das **fichas das empresas inscritas**, aquelas coas que desexen manter unha reunión, así como as fábricas que desexen visitar. Ademais, os importadores resérvanse o **dereito de desestimar tanto a reunión coma a visita** ás instalacións de empresas cuxos produtos non respondan aos seus intereses.

Esta misión inversa contará coa **participación dun total de catro importadores ou distribuidores** procedentes de Países Baixos.

A participación nestes encontros inclúe tanto a confección dunha **axenda personalizada**, coma a **difusión dos perfís das empresas** entre os importadores invitados. Isto último levarase a cabo facilitando un **directorio** das empresas participantes aos importadores.

Os **encontros** de ambas modalidades serán **organizados por Clusaga**. As **reunións** terán lugar en **Santiago de Compostela** e a súa duración será de media hora aproximadamente.

[Formulario de inscrición](#)

Máis información

- Data límite de inscrición: 21 de setembro de 2022.
- Custo de participación modalidade A - Reunións: 100€ (25€/reunión)
- Custo de participación modalidade B - Reunións e visita: 175€ (25€/reunión + 75€/visita)
- Recargo adicional para empresas non socias de Clusaga: 25€/reunión
- Máis información: 881 043 687 / international@clusaga.org.